UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

## Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía

## Curso Académico: Curso 2017-2018

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía:
  - Rematadas: curso 2017-2018
  - Propostas: curso 2018-2019
- Plan de Melloras Facultade de Filosofía:
  - Rematadas: curso 2017-2018
  - Propostas: curso 2018-2019

| 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía |
| Mencións/Especialidades | --- |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | --- |
| Centro responsable | Facultade de Filosofía |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Filosofía |
| Rama de coñecemento | Humanidades |
| Número de créditos | 60 |
| Profesión regulada | --- |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2016/2017 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 28/04/2016 |
| Data renovación acreditación | 28/04/2020 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:<br>Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.<br>Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes. |
| 1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión. |
| Aspectos a valorar:<br>• O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>O curso 2017-18 é o segundo de implantación do título de Máster, e no que positivamente se produce un notable ascenso na matrícula respecto do primeiro curso de impartición. Aínda que igualmente (IN01M-PC-05) eran 20 prazas as ofertadas, houbo (IN02M-PC-05) 15 matriculados, (IN03M-PC-5) 13 de matrícula de acceso e (IN02M-PC-05) 13 de matrícula de novo ingreso por preinscrición. A variación de matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN05M-PC-05) é do 85,71%, polo que constatamos unha tendencia ascendente respecto da primeira edición (19 preinscripcións, máis 5 na convocatoria anticipada), tendencia que segue manténdose (no curso actual 2018-19, no que rexistramos 32 preinscripcións na convocatoria ordinaria máis 5 na convocatoria anticipada). Consideramos que esta traxectoria ascendente é un bo síntoma do interese do Máster, tendo en conta que se oferta con orientación investigadora. Este incremento é resultado tamén do esforzo informativo, tanto a nivel do Grao como respecto da captación de alumnado procedente de distintas titulacións, e doutras universidades nacionais e estranxeiras. Así dos 13 estudantes de novo ingreso: 3 proviñan do Grao en Filosofía e 1 da Licenciatura en Filosofía, 2 do Grao de Historia da Arte, 1 do Grao en Ciencias Políticas, 2 no Grao en Ciencia Política e da Administración, 1 Grao en Xornalismo, 1 Licenciado en Xornalismo, 1 Bacharel en Dereito e 1 Licenciado en Comunicación;  dous dos alumnos procedían de fóra do EEES. Segundo a procedencia xeográfica dos 15 estudantes: 1 procede de Brasil, 2 de Castilla y León, 11 de Galicia, e 1 de Perú.<br><br>Cómpre subliñar que se trata do único Máster en Filosofía ofertado na USC e no SUG. O Máster, que se desenvolve con recursos xa dispoñibles, completa os estudos de Filosofía en Galicia, non obstante ten como un dos seus sinais de identidade a incorporación de áreas de coñecemento non estritamente filosóficas (Ciencia Política, Física, Bioloxía, Socioloxía, Economía, Historia, Antropoloxía social) que reforzan o seu carácter interdisciplinar e o dotan dun maior interese, segundo constatan os propios estudantes matriculados, para un público mais xeral.<br><br>Estes datos positivos de matrícula e de participación de moi diversas áreas de coñecemento, son bos indicadores de que se mantén o interese académico do título, implantado de acordo coas condicións establecidas na Memoria Verificada, respecto da cal non se produciron incidencias a sinalar. De feito, seguimos a constatar neste curso a continuidade dunha demanda de formación académica filosófica como complemento doutras titulacións e, en consecuencia, como complementaria en diversos procesos de profesionalización, como un espazo que o noso título de Máster está a ocupar.<br><br>Tamén, noutro sentido, cómpre recordar que o Máster, en todo caso, resulta necesario para completar o Grao de Filosofía que oferta a USC -único en Galicia-, pechando así cabalmente o ciclo "4+1" previsto en España para acomodarse ao EEES, e para asegurar unha oferta formativa propiamente filosófica que encamiñe cara aos Programas de Doutoramento con esta orientación actualmente vixentes na USC e en Galicia; a saber: o |

Programa de Doutoramento en Filosofía (con 44 alumnos/as matriculados neste curso académico) e o Programa de Doutoramento Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia (con 12 alumnos/as matriculados tamén neste curso académico).

Non hai no SUG ningún título que se solape con este. En particular, todos cantos teñen que ver cos ámbitos de Humanidades ou de Ciencias Sociais teñen un perfil diferente, perseguen outros obxectivos formativos, e non dan lugar a solapamentos máis que excepcionalmente nalgunha materia optativa do Máster, que en todo caso se trata de materias coas que deben asegurarse os requisitos formativos esixidos a todo máster (como por exemplo son os relacionados coa perspectiva de xénero). De feito, a maior parte do impartido carece de cobertura no SUG a nivel de Posgrao.

Dende o Centro constatamos que se procedeu ao seu desenvolvemento seguindo o plan de estudos conforme á memoria verificada, sen terse presentado incidencias salientables, nin foi presentada ningunha queixa formal polos cauces institucionais, nin se atopou material na "caixa de suxestións" habilitada para estes efectos na páxina Web do máster. En todo momento, o seu desenvolvemento procurou, mesmo veu reforzado, un dos seus eixos fundamentais: o seu carácter interdisciplinar, tanto nas materias básicas como nas materias dos dous itinerarios ("Coñecemento e comprensión do mundo" e "Cidadanía e globalización"). En ambos itinerarios, o desenvolvemento do Máster estivo guiado polos principais obxectivos orientadores do título: (i) “Proporcionar unha formación sólida e especializada en pensamento crítico acerca do coñecemento e comprensión do mundo, da cidadanía e a globalización”, (ii) “Situar dita formación no conxunto dos saberes humanísticos, as ciencias naturais, as tecnoloxías e as ciencias sociais”, (iii) “Familiarizar ao alumnado coas técnicas e requirimentos da investigación”.

No que respecta aos principais valores estatísticos da titulación, consideramos que en termos xerais resultan positivos. Referindo algúns deles, constatamos que: (i) á "nota media de acceso por preinscrición" (IN06M-PC-05) foi de 8,07 puntos, lixeiramente superior a do ano anterior (7,55), que esperamos que siga a consolidar no futuro unha tendencia alcista; (ii) canto a "porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis" (IN07M-PC-05) é do 100%, igual que na edición anterior; (iii) a "porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados" (IN08M-PC-05) foi do 6,67 e (iv) a "porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados" (IN09M-PC-05) foi do 13,33; (v) a "taxa de ocupación" (IN12M-PC-05) foi do 65,00%, sorprendentemente o dobre da edición anterior; e (vi) a "porcentaxe de matriculados que son titulados da USC" (IN13M-PC-05) é do 73,33%.

Verbo destas estatísticas, cómpre recordar que dende a súa primeira edición, unha das pretensións prioritarias, como se indicou, da Coordinación e da Comisión Académica do título foi e segue a ser ir aumentando paulatinamente o número de estudantes procedentes de países de fóra do EEES, así como incrementar os procedentes doutras universidades tanto do EEES como españolas, e cando menos manter a porcentaxe da USC e SUG. De feito, a presenza de profesorado doutras áreas de coñecemento distintas das de Filosofía constitúe tamén unha iniciativa a prol desa captación de alumnado doutras titulacións, así como ofrecer ao procedente do Grao en Filosofía un sólido complemento da súa formación previa cunha orientación interdisciplinar, respondendo, en particular “á demanda de quen busca unha formación para orientarse cara a investigación ou para formar parte de equipos de análise crítico e exploración de solucións ante os retos actuais relacionados co coñecemento e a cidadanía”. Nesta segunda edición, ao igual que fixemos na primeira, mantemos o desenvolvemento do plan de estudos segundo a Memoria Verificada, que permitiu unha correcta adquisición das competencias alí especificadas. Unha adquisición de competencias sen dúbida favorecida polo reducido número de estudantes por grupo de docencia: a media de estudantes por grupo de teoría (IN31M-PS-01) é de 7,71 e por grupo de docencia interactiva (IN32M-PS-01) é de 7,96. No que respecta ao funcionamento da titulación, cómpre indicar que non houbo incidencias salientables nin, como se indicou, queixas ou suxestións formais. Só se detectou que no proceso de preinscrición e matriculación era preciso que o Servizo de Admisión e Matrícula da USC fose máis rápido, dado que os estudantes adoitan a facer preinscrición en varios másteres e que, segundo manifestacións dos propios estudantes, unha pronta resposta por parte da Universidade en moitos casos fainos decantarse polo máster que esta oferta.

No que respecta ao apoio explícito do Centro no título, neste curso 2017-18, correspondente á segunda edición do máster, dispuxemos da axuda económica da Facultade de Filosofía para o funcionamento da páxina web

propia (como se recollía na Memoria Verificada), así como para o mantemento e revisión da web creada no curso 2016-17, e para a cartelería e dípticos para a súa difusión (incluíndose xa tamén no orzamento do 2018); e tamén para o Panel expositor que dende xuño do 2017 está instalado permanentemente na entrada da Facultade.

No que refire ao Plan de Melloras do Máster 2017-18, constatamos que puideron executarse satisfactoriamente as catro Accións de Mellora propostas. Partindo de que na primeira edición xa se tiña posto en funcionamento a páxina Web propia (http://www.masterenfilosofia.com), xulgouse necesario difundir máis e mellor a información e proxectalo cara fóra da Facultade e da USC, e para iso propúxose, seguindo o criterio de "Información e transparencia" a AM2 Plan de Melloras do Máster 2016-17 para mantemento e revisión da Web propia durante o curso 2017-18, cuxa execución foi posible polo financiamento da Facultade. O mesmo aconteceu coa AM3 Plan de Melloras do Máster 2016-17 que respondía á necesidade de difusión do máster por medio de cartelería e dípticos con certo tempo de antelación respecto do período de inscrición, concepto do que a Facultade tamén asumiu os custos. Estas dúas Accións de Mellora, que foran propostas para o curso 2016-17, son recollidas, continuadas e executadas como AM2 e AM3 do Plan de Melloras do Máster 2017-18. Ademais destas, tamén se estableceron outras dúas Accións de Mellora máis: a AM1 e a AM4 do Plan de Melloras do Máster 2017-18, relativas á "Organización e desenvolvemento" (que sinalaremos a continuación).

Consideramos que se trata dun máster que polo seu carácter interdisciplinar no campo das Humanidades e das Ciencias Sociais ten un espazo salientable no mapa da oferta da USC. Moi especialmente é de evidente interese para o "Campus da Cidadanía", cuxo plan estratéxico foi aprobado, e no que tivo participación activa a Facultade. Precisamente, a Acción de Mellora AM1 deseñouse para reforzar esta orientación e estratexia de proxección do máster e o seu encaixe neste novo Campus. Así, baixo o criterio "Organización e desenvolvemento", propúxose a realización dunha Xornada/Seminario con dúas conferencias sobre temas de actualidade, tanto para o alumnado como aberto ao público fundamentalmente do Campus de Cidadanía e como unha actividade inserida nel. Para isto, recibiuse, unha vez máis, o apoio da Facultade e, finalmente as conferencias integráronse no ciclo "Filosofía, Cultura e Cidadanía" facendo parte das actividades da "Semana de Filosofía" da Facultade no mes de novembro do 2017, no que foron impartidas as conferencias da Profesora Victoria Camps, catedrática emérita de Filosofía Moral da UAB: "A cidadanía do século XXI" (21/11/2017) e a da Profesora Lourdes Méndez, catedrática de Antropoloxía Social da UPV: "Mulleres, LGTBI, Queers e +", (23/11/2017), así como tamén dúas conferencias por parte de dous docentes do máster: o Profesor José Carlos Bermejo, catedrático de Historia Antiga da USC: "A nostalxia das cousas, a arqueoloxía dos sentimentos e o trampantoxo foucaultiano" (14/11/2017) e a do Profesor Ramón Máiz, catedrático de Teoría Política da USC: "Da Economía á Ética, ¿Que foi da política? Para unha teoría estrutural da igualdade", (28/11/2017). Esta Acción de Mellora ten polo demais continuidade coa AM2 Plan de Melloras do Máster 2018-19, como manifestación do convencemento que o Centro ten nesta liña de acción interdisciplinar do título.

A outra Acción á que nos referíamos é a AM4 Plan de Melloras do Máster 2017-18, que ten como causa, tras as reunións de coordinación cos estudantes e persoal docente, atender "aos problemas detectados relativos á sobrecarga de traballo dos estudantes no primeiro semestre, e dadas as especificidades dos contidos nas diferentes materias, malia o seu carácter interdisciplinar", e neste sentido a Comisión Académica do Máster "considera importante unha maior coordinación horizontal, para así reforzar e complementar os vínculos transversais entre as materias e favorecer a adquisición de competencias". Así, se desenvolveu unha experiencia inicial de lectura e traballos compartidos e coordinados entre diferentes materias que serviu como modelo de boas prácticas, que se desenvolveu nos dous itinerarios do máster. Esta Acción, que segue a poñerse en práctica, foi proposta, dada a súa boa aceptación, para súa continuidade na AM1 Plan de Melloras do Máster 2018-19.

Por último, cabe precisar que, en virtude do exposto, consideramos que o título mantén o interese académico, e que ademais resulta útil en dúas direccións que entendemos como rigorosamente complementarias: (i) con vistas á formación investigadora, e (ii) con vistas á configuración de novas vías de acceso ao mercado laboral, que precisa de analistas de amplo espectro para os novos problemas das empresas, das institucións e das nosas sociedades vertixinosamente cambiantes; de titulados que teñan acadado competencias orientadas á acción sobre a nosa realidade inmediata que non son as propias de especialistas noutros campos (físicos, químicos, biólogos, economistas, lingüistas, tradutores….). Por tanto, un obxectivo fundamental do Máster é ofertar competencias que incrementen a capacidade para comprender problemas configurados en ámbitos

moi distintos, nos que a formación filosófica pode resultar de especial utilidade; e consideramos que como proba da mencionada utilidade desta formación cabe sinalar que experiencias deste tipo se están impoñendo nas grandes empresas coa maior capacidade innovadora no mundo.

En virtude do referido, consideramos que o programa formativo está actualizado e foi implantado de acordo coas condicións establecidas na Memoria Verificada.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende o Centro consideramos que a oferta de módulos e materias do título correspondeuse co establecido na Memoria Verificada.

En termos xerais, neste eido, debemos indicar que ademais das materias do módulo de "Formación Básica" e das materias dos dous módulos de itinerarios, se ofertaron outras seis materias optativas, das que os estudantes tiñan que escoller tres, mantendo por tanto unha alta ratio de optatividade. As seis materias ofertadas nesta edición foron: Pensar o coñecemento; Linguaxe, Representación e Comunicación; Teorías da Complexidade; Nacións, Nacionalismos e Movementos étnicos na era da Globalización; Filosofía e Literatura; e O malestar na Filosofía contemporánea e na Teoría psicanalítica.

Igualmente, constatamos que se levou a cabo o desenvolvemento das actividades académicas segundo o establecido. Non entanto, e axustándose á memoria, e tamén froito do contacto co alumnado, mediante as reunións tidas (7/02/2018), así como co profesorado (15/02/2018), por parte da coordinadora do máster e máis dos dous coordinadores designados para os dous itinerarios, procedeuse a unha mellor articulación das metodoloxías docentes, do sistema de avaliación e cualificación, precisando moi especialmente, canto ao encargo de tarefas ao alumnado, que todas as materias son de tres créditos, e isto require unha boa adecuación metodolóxica e avaliadora. Asimesmo, producíronse importantes achegas cara a mellor adecuación das Guías Docentes das materias, que están publicadas na páxina web da Facultade e na Web propia do máster.

Polo demais, consideramos que o feito de seren quince alumnos redundou nunha mellor consecución das competencias, xa que o número de estudantes por grupo favoreceu a aprendizaxe mais individualizada e tamén facilitou as técnicas de aprendizaxe por cooperación. Así, o tamaño do grupo foi axeitado ás actividades formativas: a media por grupo de teoría (IN31M-PS-01) foi de 7,71; e a media de estudantes por grupo de docencia interactiva (IN32M-PS-01) foi de 7,96.

En canto á participación do alumnado en programas de mobilidade, compre indicar que neste curso non houbo, sendo este un aspecto a ter en conta cara a súa potenciación en futuras edicións. A participación do profesorado do máster en programas de mobilidade no curso 2017-18 foi do 3,70%.

Por último, cabe destacar como proba do funcionamento dos procesos de coordinación de melloras co alumnado, que puidemos recoller a suxestión xurdida nas reunión de coordinación de procurar deixar unha semana sen aulas, entre a finalización do bimestre correspondente ás materias de "Formación Básica" e o

comezo do bimestre correspondente aos "Itinerarios", co fin de dar máis tempo para a realización dos traballos. Isto foi contemplado xa nos horarios do actual curso académico 2018-19.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende o curso 2016-17 a Comisión de Calidade do Centro puxo en marcha un "Plan de coordinación" e elaborou un protocolo de aplicación tanto para o Grao (xa detallado no Informe de Seguimento do Grao) como para o máster, onde se establecen os procedementos que deben seguirse para o desenvolvemento desta tarefa.

Conforme ese Plan, no máster, existen tres figuras de coordinación que traballan en equipo: ademais da coordinación xeral, cóntase con un/ha coordinador/a por cada un dos itinerarios.

Segundo o protocolo de actuación, os tres coordinadores, fan unha reunión inicial de benvida co alumnado durante a primeira sesión do calendario oficial, indicándolle o sentido global do máster e o seu desenvolvemento previsto na Memoria Verificada e na que lle trasladan información e orientacións acerca da planificación xeral do curso. Ademais desa reunión, convocan outra reunión de coordinación, neste caso, ao final do primeiro semestre co alumnado (7/02/2018) e outra co profesorado (15/02/2018), co obxectivo de detectar aspectos disfuncionais ou problemas susceptibles de introducir melloras. Finalmente, os aspectos tratados nestas reunións recóllense en informes, que se fan públicos nunha carpeta a través da Coordinación na Aula virtual do máster, e tamén mediante correo electrónico. En todo caso, a reunión de final do primeiro semestre que se celebra co profesorado céntrase sobre todo en analizar a información aportada polo alumnado na reunión que previamente se mantén con eles.

Neste sentido, á vista do problema novamente detectado (e xa sinalado no Informe de Seguimento do curso 2016-17) respecto da carga de traballo na reunión cos estudantes, que indicaron unha alta carga derivada do gran número de traballos no día a día, considerouse necesario dar un maior desenvolvemento as tarefas de coordinación e, neste sentido, propiciar traballos conxuntos entre distintas materias, baixo acordo e supervisión do profesorado implicado. Neste sentido, introducimos a AM4 Plan de Melloras do Máster 2017-18, que supuxo unha experiencia inicial de coordinación horizontal, e que o resultar satisfactoria na súa evolución dou lugar a unha nova Acción de mellora AM1 deseñada para darlle continuidade no curso 2018-19, actualmente en execución.

En conclusión, a experiencia de coordinación do curso 2017-18, en continuidade co iniciado na primeira edición do máster no 2016-17, puxo de manifesto que o carácter interdisciplinar deste máster e as especialidades diversas, tanto do profesorado como do alumnado, outorga a esta tarefa de coordinación unha importancia fundamental e fai dela un instrumento absolutamente necesario para a introdución de melloras.

| 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos. |
|---|
| Aspectos a valorar:<br>• Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.<br>• No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>De acordo co perfil de ingreso, a Memoria Verificada recolle o seguinte: "Atendendo a que o Máster é de especialización en Filosofía, con dous itinerarios: un sobre "Coñecemento e comprensión do mundo", e o outro sobre "Cidadanía e globalización", o perfil de ingreso dos estudantes debe responder aos seguintes tres criterios:<br><br>- Licenciados e graduados en Filosofía, con interese na investigación nese ámbito, e de xeito específico nas cuestións filosóficas relacionadas con: (a) o coñecemento e a comprensión nos ámbitos das ciencias naturais e sociais, das tecnoloxías e das humanidades, á luz das grandes transformacións actuais; b) a cidadanía e os aspectos derivados dos procesos de globalización social, económica e política.<br><br>- Licenciados e graduados noutros títulos interesados nas cuestións de reflexión filosófica do coñecemento e comprensión do mundo en relación coas ciencias naturais e sociais, as tecnoloxías e as disciplinas humanísticas.<br><br>- Licenciados e graduados noutros títulos interesados nas cuestións de reflexión filosófica acerca de aspectos éticos, antropolóxicos e políticos orientados ás problemáticas da cidadanía e dos procesos actuais de globalización.<br><br>Estes tres criterios manifestan a coherencia entre o perfil de ingreso e o perfil real dos estudantes matriculados nesta segunda edición. Así, (tal e como xa sinalamos no crit. 1.1 do presente informe), dos 13 estudantes de novo ingreso: 3 proviñan do Grao en Filosofía e 1 da Licenciatura en Filosofía, 2 do Grao de Historia da Arte, 1 do Grao en Ciencias Políticas, 2 no Grao en Ciencia Política e da Administración, 1 Grao en Xornalismo, 1 Licenciado en Xornalismo, 1 Bacharel en Dereito e 1 Licenciado en Comunicación); dous dos alumnos procedían de fóra do EEES. Segundo a procedencia xeográfica dos 15 estudantes: 1 procede de Brasil, 2 de Castilla y León, 11 de Galicia, e 1 de Perú. |

| 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título. |
|---|
| Aspectos a valorar:<br>• A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br>A aplicación das normativas xerais da USC evidentemente contribúen a un axeitado desenvolvemento do título. Particularmente importante para o máster é a normativa respecto á matrícula na modalidade "A tempo parcial". De igual modo, cómpre subliñar que segue a constatarse un problema cos prazos de inicio de matrícula, que está en camiño de solucionarse para vindeiras edicións. E tamén segue a percibirse un certo desaxuste respecto ao calendario oficial da USC, que acontece tamén noutras Universidades, entre o inicio do período docente e as datas de defensa dos TFG, de xeito que unha parte do alumnado acaba incorporándose xa iniciado o curso académico, cos desaxustes de metodoloxía e avaliación que iso supón.<br><br>Na páxina web da Facultade de Filosofía ofrécese información acerca de todo este marco normativo a través dunha etiqueta específica ("Normativa"), que remite á Normativa xeral da USC que regula os estudos de Máster. Nela recóllese, especificamente, o Regulamento do TFM: |

http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/TFM.html, no que se fai constar elementos de gran utilidade como calendario, formularios, liñas de traballo, títulos e prórrogas do TFM, tribunais e cualificacións.

En aplicación da Normativa, no mes de outubro, unha vez pechado o prazo de matrícula, procedeuse á renovación, mediante elección, dos dous representantes dos estudantes que forman parte da Comisión Académica do Máster, e ao seu nomeamento. En virtude do Protocolo de Calidade do Centro, cabe destacar ademais que un deles forma parte tamén da Comisión de Calidade e Grao da Facultade.

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:<br>Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.<br>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). |
| 2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade. |
| Aspectos a valorar:<br>• Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.<br>• A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.<br>• Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>Dende o Centro constatamos que toda a información relativa a este máster atópase na páxina web da USC (http://www.usc.es/masteres/) así como na páxina web da Facultade de Filosofía (http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=16756&estudio=16757&codEstudio=16103&valor=9) na que se ofrece información específica sobre “Admisión” e “Matrícula”, “Profesorado da titulación” e “Plan de estudos” desglosado, así como tamén a información necesaria sobre o regulamento relativo ao TFM. Tamén dispoñemos da Web propia do máster (masterenfilosofia.es), para a que ademais neste curso 2018-19 buscamos potenciar a súa “posición” en Google (tal e como reflicte a AM-3 Plan de Melloras do Máster 2018-19). As tres páxinas son convenientemente actualizadas, buscando ofertar ao noso público a información e novidades más recentes. Cómpre indicar que no apartado de Calidade da páxina da Facultade, situado no Sistema de Garantía interna de Calidade, atópase tamén o máster (http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html), coa información relativa á Memoria do título, a Resolución de verificación e o Plan de melloras. Para maior transparencia, feito remarcado como “punto forte do noso Centro” no Informe de Renovación da Acreditación do Grao, tamén pódense atopar publicadas a Comisión Académica e as Actas da mesma (http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/comision_master_filosofia.html).<br><br>No Informe de Avaliación para a renovación da Acreditación do Grao de Filosofía “a información pública dispoñible” foi considerada como “un dos puntos fortes do centro”. Isto é o resultado dunha política xeral da Facultade que tamén inclúe ao máster e ao desenvolvemento durante o curso 2016-2017 de Accións de Mellora, que se veñen mantendo, instaurado como procedemento xa protocolario e mesmo actualizando no curso 2017-18, que supuxeron unha reestruturación e ampliación moi importante da información publicada respecto das titulacións que imparte. Entre estas accións salientamos aquí as que atinxen ao máster:<br><br>-Actualización da fotografía e enderezo da Facultade.<br>-Maior visibilidade e mantemento de “Novidades”.<br>-Publicación de todo o relativo a TFM e Guía Docente.<br>-Publicación das Guías Docentes das materias do Máster.<br>-Creación dunha nova caixa: “Información académica” na que pasa a incluírse, ademais da referida ao TFM, horarios de clases e exames, titorías docentes, mobilidade, calendario académico e máis recentemente, os CV do profesorado da Facultade.<br>-Publicación da composición dos órganos, comisións -incluída a Comisión Académica do Máster- e cargos unipersoais da Facultade.<br>-Publicación de actas da Comisión de Calidade e Grao do Centro e tamén das da Comisión Académica do Máster.<br>-Publicación das Memorias de Calidade do Centro, e información sobre Informes de Seguimento, Plan de viabilidade e renovación da acreditación. |

-Información sobre os Grupos de Investigación da Facultade.
Nesta liña de traballo en Acción de Mellora, a importancia outorgada á información e transparencia, como figura de compromiso para o noso Centro, levounos a poñer en funcionamento unha Web propia do máster, contando co financiamento da Facultade, que estruturamos do seguinte xeito:

Inicio (Presentación; ¿A quen vai dirixido?; ¿Queres saber máis?).
Plan de estudos (Estrutura e Guías Docentes).
Docentes (Área de coñecemento e enderezo electrónico).
Organización (Horarios materias, calendario de exames, TFM)
Información (Material corporativo, cartel e díptico en formato para descarga; Comisión Académica do Máster; Caixa de Suxestións; Defensor da comunidade universitaria; Egresados).
E ademais incluímos Noticias, información de Admisión e Matrícula, información específica sobre os dous itinerarios que configuran o Máster, datos sobre o seu carácter interdisciplinar e información acerca do acceso ao doutoramento. Coa axuda dun Bolseiro de colaboración do Departamento de Filosofía e Antropoloxía, no curso 2016-17, que levou a cabo as traducións, disponse das Guías Docentes do máster en galego e máis en castelán.
Para complementar esta política de difusión do máster, como xa se dixo anteriormente, tamén se colocou un panel expositor na entrada da Facultade, nun lugar moi visible, a efectos de publicidade do máster para o curso 2017-18, dado que no Centro desenvólvense moitos actos con público moi diverso.

Para reforzar estas accións, a coordinación do máster fixo unha reunión informativa no mes de maio (13/05/2018) co alumnado de 4º do Grao en Filosofía para presentar e difundir o máster.

Compre salientar tamén que nos últimos números que se teñen publicado da *Revista Agora*, con sede na Facultade, aparece a información sobre o máster.

Esta últimas tres medidas son claros exemplos do compromiso do Centro, que utiliza todos os medios que ten ao seu alcance para lograr a maior difusión posible da súa titulación.

Polo demais, conscientes desta necesidade de reforzar a dimensión do título referida a "Información e Transparencia" temos presentadas dúas Accións de Mellora, como xa foi dito: a AM-2 Plan de Melloras do Máster 2017-18 que perseguía o mantemento e actualización da web propia do máster e a AM-3 Plan de Melloras do Máster 2017-18, que perseguía a súa difusión por medio de cartelería e dípticos inmediatamente antes do período de matrícula. Ámbalas dúas Accións foron financiadas con cargo ao orzamento da Facultade (2018), sendo posible difundir información na nosa contorna, en particular nos outros centros da USC, así como tamén nos centros de ensino secundario e nos centros máis directamente relacionados das outras dúas Universidades galegas.

Como mostra do compromiso do Centro con esta liña de Accións, sobre a importancia que ten a "información e difusión" para a continuidade do máster, no plan de melloras do curso 2018-19 establecemos ata tres Accións de Mellora directamente referidas a este concepto: a AM-3, AM-4, AM-5 (Plan de Melloras do Máster 2018-19) polas que buscando unha mellor difusión e posicionamento da Web do máster na rede, así como da análise dos resultados da mesma, esperamos poder obter información sobre o tipo de relación que pode ter a publicidade do máster co nivel de matrícula acadado. Estas accións están en curso de execución.

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:<br>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento. |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>En termos xerais, consideramos que o Sistema de Garantía de Calidade resulta eficaz na mellora da titulación. Consideramos que ao estar adecuadamente implantado no Centro, proporciona mecanismos necesarios de recollida e análise de información, o que nos permite detectar debilidades e poder propoñer as respectivas Accións de Mellora. Neste sentido, consideramos que o Sistema de Garantía de Calidade, de aplicación nas titulacións que se imparten na Facultade de Filosofía, adapta o Sistema de Garantía de Calidade marco da USC, presentando mecanismos necesarios e suficientes para garantir o bo funcionamento do título.<br><br>Así, dentro dos bos procedementos de "Información e transparencia" que temos adoptados, na páxina web da Facultade pódense atopar na actualidade todos os accesos directos aos contidos do Sistema de Garantía de Calidade (Manuais do SGIC, Memorias dos títulos, Informes de Seguimento, Plans de Mellora, Memorias de Calidade, composición e actas da Comisión de Calidade, etc…) garantíndose así que todos os grupos de interese teñan acceso a esta información.<br><br>Dende xuño de 2016, o Centro ven traballando na implantación, difusión e aplicación “dunha progresiva cultura de calidade” que segue a aplicarse no curso 2017-18. Neste eido, o Centro emprendeu toda unha serie de medidas orientadas a acadar unha xestión máis eficaz do SGIC e a reforzar a súa capacidade de control da calidade dos diferentes procesos que a integran. Entre estas medidas subliñamos a asunción como tarefa central por parte do vicedecanato da dirección e coordinación da calidade, así como a unificación das Comisións de Grao e de Calidade, nunha única comisión de Grao e Calidade, pois considerouse que, dado o tamaño pequeno da nosa Facultade, isto contribuiría a reducir o número de reunións e a favorecer a economía de tempo e esforzo das persoas que participan nelas, ademais de propiciar unha xestión mais unificada e coordinada das accións das Comisións. Mesmo cabe recordar que no Informe Final de avaliación para a renovación da Acreditación do Grao sinálase como un dos puntos fortes “unha progresiva mellora na implantación do SGC” e valórase positivamente “a transparencia da propia comisión evidenciada na publicación na web das actas das reunións de dita comisión".<br><br>A nova estrutura de xestión do SGIC constituíu unha mellora do “Proceso de Planificación” do Centro, que vertebra o desenvolvemento da titulación e das súas Accións de Mellora. Así, seguindo as recomendacións dos Informes de Seguimento do Grao e do Máster, e co asesoramento da Área de Calidade da USC, introducíronse algúns cambios e incorporáronse algunhas melloras nos seguintes procesos de control, que afectan a todos os títulos impartidos na Facultade e que consideramos repercuten moi positivamente sobre a xestión de calidade do máster: |

1) A coordinación das distintas tarefas integradas na **Planificación das Ensinanzas** viuse favorecida pola (i) unificación dos dous departamentos dos que dependía a docencia do Grao e do Máster, así como (ii) pola presenza da Dirección do novo Departamento na Comisión de Calidade, e (iii) da homoxeneización de todas as Guías Docentes, incluídas as do Máster, especificando con máis claridade os aspectos referidos á avaliación e ás competencias contempladas nas MTV.

2) Polo que se refire á **Docencia**, salientamos a posta en funcionamento do programa de coordinación: nomeando dous coordinadores para os dous itinerarios e levando a cabo reunións tanto co alumnado como co profesorado. Para este Programa, que seguiremos aplicando no vindeiro curso, propoñemos unha acción de mellora (**AM1 Plan de Melloras do Máster 2018-19**) que ten por obxecto continuar cos mecanismos de coordinación horizontal entre diversas materias para favorecer a dimensión interdisciplinar do título e á vez atender a rebaixar o excesivo encargo de traballo académico referido polo alumnado.

3) No que respecta ao **Apoio da actividade docente**, subliñaríamos toda a mellora do control dos documentos e rexistros que foi posible grazas á estabilización do cadro de persoal de administración e servizos mediante a incorporación da figura da Responsable de Unidade do Centro con carácter estable. Isto fixo posible á súa vez a mellora da "publicidade" da documentación relativa ao Máster, incorporando a documentación relativa aos procesos do SGIC na páxina web, así como unha mellora na nosa información pública a través da actualización da páxina web. Consideramos unha boa mellora a información pública que se concretou nunha actualización da páxina web da Facultade e a incorporación de toda a documentación prevista polo propio SGC, do que dimos conta no apartado 2.1.

4) En canto ao proceso de **Medición, análise e mellora** constátase nos últimos cursos un incremento da participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción, resultado da información que se está difundindo sobre a súa importancia. Entendemos que un axeitado funcionamento dos sistemas de calidade reportan uns datos acerca da satisfacción dos distintos grupos de interese implicados que, segundo podemos apreciar nas estatísticas, son bastante aceptables. Con todo, aínda que os datos de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción foron do 75%, foron mais baixos os relativos á titulación, cunha taxa de resposta sobre matriculados do 14,29%. Entendemos que este dato, sensiblemente baixo, pode ser debido a que esta enquisa pasouse do 13 ao 24 de novembro do 2017, correspondéndose cunhas datas non moi acaídas ás datas do desenvolvemento do máster.

En referencia ás suxestións e reclamacións, consideramos que o procedemento de coordinación que temos explicado no punto 1.3 permitiu unha comunicación constante e fluída cos estudantes orientada a atender ás súas inquedanzas, así como detectar e corrixir os problemas e aspectos disfuncionais máis inmediatos (como se manifesta na aplicación da **AM4 Plan de Melloras do Máster 2017-18**). Con todo, non se presentaron suxestións e reclamacións oficiais, como se indicou, polo procedemento normativo establecido pola USC.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste capítulo, débese ter en conta que só dispoñemos dun primeiro Informe de Seguimento, e que, en todo caso, atendéronse as recomendacións da Área de calidade da USC.

Igual que fixemos no primeiro Informe, volvemos incidir na importancia da coordinación, ante os problemas detectados, así como na necesidade do seu reforzo, para o cal propoñemos de novo, como se indicou, unha

Acción de Mellora (AM4 Plan de Melloras do Máster 2017-18) destinada a fomentar os mecanismos de coordinación horizontal como método para atender as suxestións do alumnado e á vez reforzar as virtudes do noso título. Entendemos que esta Acción de Mellora, dada a súa importancia estratéxica e o seu valor operativo, debía ser continuada no tempo e en consecuencia formulamos na mesma liña a AM1 Plan de Melloras do Máster 2018-19 para darlle a máxima continuidade.

Entendemos que foi precisamente a aplicación do SIGC o que nos permitiu detectar espazos de mellora e en consecuencia promover as distintas Accións levada a cabo.

Unha primeira acción AM1 Plan de melloras do Máster 2017-18 pola que a Comisión Académica do Máster pretendeu "reforzar e completar os contidos do mesmo, así como abrilo a un público más amplo, poñendo en valor a súa contribución a pensar interdisciplinariamente os problemas do presente" de xeito que se persiga "consecuentemente acadar unha maior difusión que habería de redundar nun incremento de matrícula". Para isto, se realizaron dous seminarios con sendas Conferencias (xa referidas) sobre temas de actualidade, destinadas tanto para o noso estudantado como para un público máis xeral e relativo ao Campus da Cidadanía.

Outra das Accións desenvolvidas ao amparo deste Proceso de melloras detectadas polo SGIC, foi a AM2 Plan de Melloras do Máster 2017-18 destinada ao mantemento e actualización da web propia do máster como principal canle, mesmo internacional, de publicidade e difusión do noso título, así como a AM3 Plan de Melloras do Máster 2017-18, que buscando unha difusión mais próxima e local destinouse ao deseño e difusión de dípticos e cartelería, con especial incidencia xusto antes do período de matrícula.

A última Acción de Mellora AM4 Plan de Melloras do Máster 2017-18 promovida por mor dunha necesidade específica detectada polos procesos de Coordinación protocolados dende o SGIC, foi a incorporación de "traballos compartidos e coordinados" horizontalmente entre diversos profesores dos dous Itinerarios, de xeito que se atenda á demanda de "sobrecarga de traballo" manifestada polos estudantes nas reunións de coordinación e ao mesmo tempo, coa mesma medida, lograr reforzar o carácter interdisciplinar da titulación e reforzar a condición transversal das materias que a compoñen. Cómpre indicar que o Centro, convencido da idoneidade desas Accións, decidiu continuar para o curso 2018-19 na mesma liña de traballo, transformando moitas delas en Accións que buscan profundar estes camiños recentemente abertos (véxase Plan de Melloras do Máster 2018-19).

Por último, aínda que non menos importante, é preciso salientar que para facilitar o seguimento do Título, da renovación da acreditación así como a garantía de mellora continua resulta imprescindible a axuda económica da Facultade de Filosofía, que ven manifestando, aínda contando cun baixo orzamento, un compromiso de investimento no título, que pode mellorarse na medida en que aumente o seu orzamento xeral.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A xestión e aplicación do SGIC ven sendo obxecto, dende o curso 2015-16, dunha constante atención polo órgano de dirección do Centro e das correspondentes Comisións, conscientes de que se trata dunha ferramenta fundamental para a permanente mellora da nosa titulación. Durante este último trienio véñense adoptando unha serie de medidas que buscan reforzar a mellora no control de calidade dos procesos que integran o propio SGIC. Así, como xa indicamos, procedeuse: (i) a unha atribución desa dedicación ao Vicedecanato do Centro, (ii) a unificación das Comisións de Calidade e Grao buscando una acción más coordinada e unificada, na que as decisión que competen ao título de Máster son a súa vez tratadas na Comisión Académica do Máster, e (iii) o mantemento da labor que ven facendo a Coordinadora do Máster. Precisamente, como resultado da unificación das Comisións de Grao e Calidade, medida orientada a reforzar o SGC á que estamos a facer referencia, levouse a cabo unha modificación do Manual Simplificado do SGIC que foi supervisada e contou coa aprobación da Área de Calidade da USC (aprobación definitiva 27/04/2017). A Comisión de Calidade, tras a modificación do manual SGIC do Centro, quedou constituída polo Decano, a Responsable de Calidade do Centro (nese curso 2017-18 a Vicedecana de Calidade), os coordinadores de Grao e Máster, o Director do Departamento de Filosofía e Antropoloxía, un membro do PAS (Responsable da Unidade) e tres alumnas/os (dous de Grao e un de Máster). Consideramos moi positivamente esta composición pois pon de manifesto a representación de todos os grupos de interese do título, buscando con isto contribuír a que se produza unha maior implicación e participación dos grupos de interese no SGC que reverta na súa mellora, en aspectos como: concentración de reunións e redución do absentismo que causaba a súa multiplicación; unha abordaxe máis global dos asuntos e unha maior celeridade na formulación e execución de solucións.

A aplicación doutras medidas de mellora como (i) o "Programa de acollida", dinamizando o protocolo da reunión inicial do curso; (ii) a "incorporación" e actualización da documentación necesaria á páxina web destinada aos diferentes grupos de interese; (iii) así como a aplicación exhaustiva das "reunións de coordinación" contempladas no "Plan de Calidade", contribúen moi activamente a manter os índices de calidade do Título, na maioría dos indicadores, nunha tendencia alcista. Cabe sinalar, ademais, en relación a segunda medida referida, que o Centro está a facer un esforzo para dar un uso progresivo da aplicación informática para a xestión da calidade. Así, as Accións de Mellora xa son xestionadas a través da correspondente aplicación, que se vai estendendo a outros aspectos de xestión da calidade. Polo demais, cabe non esquecer que as AM3 e AM4 do Plan de Melloras 2018-19 teñen unha marcada condición tecnolóxica, insistindo nas posibilidades que estas poden xerar para a mellora do título.

En definitiva, consideramos que este "Plan de Calidade", vertebrado nunha política de costumes xa estandarizada no noso Centro, está a contribuír a unha mellora no desenvolvemento do título e dos seus índices de satisfacción (xa reseñados) a un ritmo razoablemente alto, tendo en conta a curta tradición do mesmo.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:
Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

### 4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende o Centro, consideramos que o profesorado (PDI) que participa no título dispón do nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido e adecuado para o seu desenvolvemento e cumpre coas previsións que se incluíron na Memoria Verificada. Estatisticamente, neste curso 2017-18: (i) a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total (IN24M-PS-01) é do 81,82%, o que entendemos é un bo valor moi próximo á media xeral da USC situada en 82,45%; (ii) a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25M-PS-01) é do 92,31%, que entendemos se trata dun dato moi positivo e mesmo supera en cinco puntos a media da USC (87,49%), pois agás no caso da Directora da Biblioteca do centro que impartiu 7 horas na materia de Formación Básica “Técnicas de Traballos de Investigación”, segundo o previsto na Memoria Verificada, todos os docentes desta edición son doutores; (iii) a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26M-PS-01) é do 73,08%, superando amplamente a media da USC que é de 58,91%. As estatísticas, todas elas situadas por encima dun orientativo 70%, dan conta de que o Título conta con profesionais moi adecuados para o seu desenvolvemento.

Esta mesma valoración positiva mantense se atendemos á categoría profesional dos docentes que imparten no Título, onde pode observarse a amplísima maioría de persoal cos máis altos grados: do total dos 27 docentes que participan no título, 7 son catedráticos de universidade, 12 Titulares de universidade e 5 Prof. Contratado Doutor, contando ademais con un Contratado Interino, un Prof. Asociado LOU e un Profesional de área externa.

Se atendemos a unha clasificación segundo a área de coñecemento dos docentes, observamos por unha banda a maioritaria presenza de PDI de áreas do Centro (tal e como corresponde a un Máster en Filosofía), pero por outra banda pode constatarse tamén a alta participación de profesorado de áreas externas e afíns, contribuíndo así a reforzar a pretendida condición de interdisciplinariedade para o Título. O profesorado por Departamento e área distribúese do seguinte xeito:

2 docentes do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía: 1 Área Ciencia Política e da Administración (070), e 1 Área de Socioloxía (775).
1 docente do Departamento de Economía Aplicada, concretamente da Área de Economía Aplicada (225).
17 docentes do Departamento de Filosofía e Antropoloxía: 2 Área de Antropoloxía Social (030); 6 Área de

Filosofía (375); 3 Área de Filosofía Moral (383); 6 Área de Lóxica e Filosofía da Ciencia (585).
1 docente do Departamento de Física de Partículas, pertencente á Área de Física de la Materia Condensada (395).
2 docentes do Departamento de Historia da Arte, membros da Área de Historia da Arte (465).
1 docente do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía, concretamente da Área de Microbioloxía (630).

En relación a estes datos, consideramos que o profesorado é suficiente e adecuado para desenvolver as funcións do Título, atender a todos os estudantes e garantir que, polo xeral, acaden as competencias contempladas na Memoria Verificada. O persoal académico asignado ao Traballo Fin de Máster nos parece tamén o adecuado.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Se ben no Informe de Seguimento do curso 2016-17, se tiñan producido algún cambio no PAS vinculado á Facultade de Filosofía, no que respecta a estabilización de postos e cambios de categorías, aínda que se mantivo o numero de efectivos, no curso 2017-18 non se produciu ningunha variación ao respecto do entón sinalado. No curso 2017-18 contamos co seguinte persoal de apoio, que encontramos suficiente e adecuado para o desenvolvemento do Título:

1 Secretaría Administrativa do Dpto. de Filosofía e Antropoloxía
1 Secretaría de Decanato
1 Auxiliar Técnico Informático
1 Responsable Unidade
1 Oficial de Servizos
1 Conserxe (compartido coa Fac. de Xeografía e Historia)
1 Responsable Asuntos Económicos (compartido coa Fac. de Xeografía e Historia)

BIBLIOTECA
1 Dirección (compartida coa Fac. de Xeografía e Historia)
1 Axudante de biblioteca
2 Auxiliares Arquivos, Bibliotecas e Museos

Pódese dicir que, dadas as dimensións físicas do Centro e polo que respecta ao número de títulos da Facultade de Filosofía, cóntase cun cadro de PAS axeitado aos obxectivos que se pretenden. Consideramos, ademais, que contamos cun cadro cualificado e eficiente, con ampla experiencia na xestión das titulacións, contribuíndo notablemente á calidade dos servizos que desde o Centro se aseguran en relación co Máster, tanto para docentes e investigadores, como para estudantes e persoas interesadas na oferta de actividades que se organizan en relación con este título. Neste sentido, convén valorar positivamente a mostra de interese do PAS pola mellora da súa formación. Proba disto é que a participación en plans de formación incrementouse ata un notable rexistro do 80% neste curso 2017-18, que chega case a duplicar o 45,5% rexistrado no curso 2015-16, manifestándose así un crecemento moi importante, tendo en conta que non aumentou o número de efectivos.
Igualmente, consideramos unha boa práctica a participación na docencia da Directora da Biblioteca do Centro

| |
|---|
| (dirección compartida coa Facultade de Xeografía e Historia) como manifestación do noso compromiso coa presenza e implicación de todos os grupos de interese na procura de melloras das nosas Titulacións. |

| DIMENSIÓN 2. RECURSOS |
|---|
| CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:<br>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.<br>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título. |
| 5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes. |
| Aspectos a valorar:<br>• As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …<br>• Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …<br>• Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.<br>• Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.<br>• No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.<br>• Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.<br>• Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).<br>• No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>En termos xerais, entendemos que os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e do profesorado do Máster son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, en función da modalidade unicamente presencial do título e das competencias a adquirir polos estudantes, segundo as previsións da Memoria Verificada.<br><br>Neste sentido, xa no Informe de Avaliación para a Renovación do Grao en Filosofía sinalouse como un dos puntos fortes do Centro “os recursos materiais, infraestruturas e servizos, destacando os recursos bibliográficos”, e valorando tamén significativamente “o apoio e atención que se presta a estudantes con diversidade funcional e necesidades educativas especiais”. Esta observación responde sen dúbida ao traballo que o Centro ven facendo, nestes últimos anos, en melloras do capítulo de "recursos materiais e servizos" que reportan melloras no desenvolvemento do Título, tanto para PDI e PAS como alumnado. |

Algúns recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os seguintes:

(i) A Facultade de Filosofía, que ten a súa sede no edificio histórico da praza de Mazarelos, e que ocupamos case en exclusiva (catro dos cinco andares). Neste espazo, recentemente reformado na súa práctica totalidade, contamos con espazos para o PAS, para as necesidades de mantemento do propio edificio, e por suposto con espazos mais que suficientes para o PDI e para o exercicio da función docente. A esta actividade docente e actividades formativas extracurriculares dedicamos 5 aulas cunha capacidade media de 75 persoas por aula e con 6 seminarios cunha capacidade de 20 persoas cada un e con mobilidade do mobiliario para favorecer as actividades de participación do alumnado e de aprendizaxe cooperativo. Todo o Centro recibiu no curso 2016-17 unha mellora da interconectividade WIFI, que no curso 2017-18 foi sometido a un novo control, especialmente no andar principal.

(ii) Tanto as aulas como os seminarios están dotados de medios técnicos como pantallas de proxección, canóns de imaxe, ordenador, monitor, altofalante, taboleiro (mesmo dixital na aula 4); esta aula que é a mais grande do edificio recibiu tamén unha mellora da súa conectividade eléctrica para facilitar no estudantado o uso dos seus ordenadores), e moitos deles, tras un proceso exhaustivo de identificación de inventario e deficiencias, foron recentemente actualizados con ocasión das melloras emprendidas no curso 2017-18 e continuadas no curso 2018-19, que supuxeron unha inversión significativa do final do orzamento do ano 2018 (onde se inclúe tamén o equipamento informático en réxime de préstamo en uso portátil para o PDI). Cómpre precisar que, para o curso 2018-19, tamén se arbitrou unha mellora no reparto de gasto do orzamento do Centro (AM-06 2018-19) de xeito que tentaremos planificar o compromiso de gasto de xeito máis regular ao longo do ano en lugar de optar por unha maior concentración do mesmo na parte final do exercicio. En concreto, a docencia do Máster lévase a cabo nos seminarios 108 e 109 (ambos equipados ademais do sinalado con pantalla táctil), fundamentalmente polo axeitado número de alumnado e pola facilidade de adaptar eses espazos a pequenos grupos de traballo. Non entanto, o Máster ten a súa dispoñibilidade o resto de espazos, dos que usa con moita frecuencia o Salón de Actos para as Conferencias plenarias ou a Sala de Xuntas para as reunións de coordinación ou a Sala Hipatia para a defensa de TFM.

(iii) Contamos tamén, no andar principal, cun Salón de Actos, con capacidade para 160 persoas, dotado de rede, de butacas con táboa, de ordenador, canón de imaxe, macro-pantalla de proxección, atril, micrófono inalámbrico e recentemente ampliamos o número de altofalantes a tres coa correspondente mellora do sistema de audio. Cabe destacar que no curso 2017-18, como consecuencia da Acción de Mellora e do compromiso do Centro cos estudantes con diversidade funcional, instalouse unha rampla de acceso ao estrado.

(iv) O Centro conta tamén cunha Sala de Xuntas, onde se celebran as reunións dos órganos de xestión da Facultade entre outras actividades como as defensas das teses de doutoramento, con capacidade para 24 persoas e evidentemente con disposición de acceso a rede, canón de imaxe, pantalla, monitor, ordenador, e mesmo sistema de videoconferencia que, entre outras cousas, facilita moito a asistencia ás reunións do persoal con docencia noutros campus e como corresponde ao compromiso de mellora asumido polo noso Centro, facilita a redución dos tempos de reunión optimizando os mecanismos de conciliación laboral, nun PDI xa bastante cargado de tarefas de xestión académica.

(v) O edificio conta asimesmo con Local de estudantes, con capacidade para 14 persoas, con conexión á rede, ordenador, e taboleiro e mesas, neveira, cafeteira e microondas, onde o estudantado exerce as súas reunións.

(vi) Tamén, froito da reconversión dunha xa innecesaria aula de informática, procedeuse a reconversión dese espazo na chamada "Sala Hipatia", destinada a usos múltiples, con mobiliario móbil e capacidade para 38 persoas, dotada tamén con ordenador, taboleiro, canón de imaxe, pantalla e monitor. No curso 2017-18 esta aula ven senso usada tamén para a defensa dos TFG e cómpre indicar que o Centro segue a manifestar o seu compromiso cos espazos de Igualdade outorgando a este aula o nome dunha distinguida filósofa. Podemos adiantar que para o curso 2018-19 o Centro promoverá o nomeamento do resto dos seminarios actualmente coñecidos por números.

(vii) Con todo, un dos espazos mais destacables e dende logo valorados do Centro é a Biblioteca, polo

súa fundamental importancia no apoio á docencia, estudo e investigación. Contamos nela cun persoal moi competente e comprometido coa mellora de calidade. Dispoñemos de 90 postos de estudo (no centro mesmo da cidade) e dunha colección bibliográfica, e acceso aberto, de mais de 41.000 volumes, ademais dos máis de 600 títulos de Revistas e case medio centenar de revistas electrónicas, especificamente filosóficas. Segundo o indicador EA5 estes números nos sitúan moi por encima en relación con outras titulacións que contan con maior número de alumnado. Ademais, a Biblioteca mantense como un espazo dinámico se temos en conta a súa promoción de cursos de formación en ferramentas bibliográficas e no mantemento da súa propia web, ademais da permanente difusión das súas coleccións. Caso concreta desa actividade formativa é que promove cursos de formación e ademais, como xa se indicou, a Directora da Biblioteca imparte 7 horas na materia básica do Máster “Técnicas de Traballos de Investigación”. En conclusión, podemos afirmar que a Biblioteca está involucrada na mellora constante da súa calidade a través da optimización dos servizos, das ferramentas que dan acceso aos contidos e na difusión das súas coleccións.

O Centro, ademais de traballar na mellora destes recursos materiais, ten efectuado tamén melloras en recursos non especificamente materiais, que reportan beneficio para o título:

1.- Activou o "Programa de acollida aos novos estudantes e acción titorial", que no caso do máster implica unha primeira reunión de benvida e informativa a todo o alumnado, reforzando as vías de comunicación entre alumnado e profesorado.

2.- Activou o "reforzo de coordinación" (AM4 Plan de Melloras do Máster 2017-18) orientado, como xa explicamos, a detectar e corrixir deficiencias mediante reunións periódicas entre coordinadores, docentes e representantes do alumnado.

3.- Activou o reforzo do "plan de comunicación" (AM2 e AM3 Plan de Melloras do Máster 2017-18) mellorando, como xa explicamos, a transparencia da documentación publicada na web, así como a incorporación á mesma de información sobre a presentación e saídas profesionais do noso Grao.

4.- Activou un procedemento de gasto orzamentario especificamente dedicado a fomentar o desenvolvemento de "actividades transversais" (AM1 Plan de Melloras do Máster 2017-18 e AM2 Plan de Melloras do Máster 2018-19) que redundan na visibilidade social do noso Título, como foi o Cine-forum, o Ciclo de cine, as Conferencias periódicas sobre temas de actualidade, o ciclo de Filosofía Xoven, a Xornada de resultados da investigación, etc. Para favorecer a "comunicación externa" e "interna" do Centro propoñemos en continuidade a AM4 e AM5 do Plan de Melloras do Centro 2018-19.

5.- Cumprimento cos requisitos legais de accesibilidade e usos de aseos das persoas con discapacidade física, así como coa normativa que regula o tratamento de recollida e reciclaxe conforme o plan de desenvolvemento sostible da USC.

Cómpre ter presente que este compromiso de mellora non se esgota, como é lóxico, no curso 2017-18, senón que continúa no 2018-19 como unha liña estratéxica de melloras para o Centro, tal e como se comproba no desenvolvemento da AM1 Plan de Melloras do Centro 2018-19, onde se detalla un exhaustivo e longo inventario de adquisicións de equipo tecnolóxico para o Centro, que redundan na docencia do Máster ou a AM2 Plan de Melloras do Centro 2018-19 pola que se regula e se executa unha optimización na distribución de espazos do PDI, incluídos os do Máster, e especialmente a AM-03 Plan de Melloras do Centro 2018-19 na que facendo explícito o "compromiso do Centro coa sustentabilidade" procédese a identificación de deterioros no mesmo e a súa reparación e optimización, cunha clara conciencia da necesidade de mantemento que precisan as nosas recentes instalacións.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende o Centro consideramos que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, contribuíron nesta segunda edición do título á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.

Estatisticamente, e tendo como eixos de clasificación os respectivos grupos de interese na titulación (alumnado, egresados e profesorado), podemos considerar que as referencias obtidas son obxecto dunha moi boa valoración.

A) Con respecto ao alumnado, a maioría dos índices presentan valores que superan o 95%, proba desa valoración positiva dos procedementos do Centro, como por exemplo a "taxa de rendemento" (IN34M-SO1-PM-01) que foi do 96,08%; a "taxa de éxito" (IN35M-S01-PM-01) que foi do 100%; ou a "taxa de avaliación" (IN36M-S01-PM-01) que se situou no 96,08 %. Son datos que, sen dúbida, reflexan as boas prácticas do SGIC e do PDI da titulación. Se ben a "taxa de graduación" (IN37M-S01-PM-01) foi do 57,14%, entendemos que mellorable, aínda que atendendo a non superar a "taxa de duración media dos estudos" (IN38M-S01-PM-01) actualmente fixada en 1,08%, dato axeitado á Memoria Verificada. Por último, cómpre reparar na "taxa de abandono" (IN41M-S01-PM-01) que foi do 28,57%, pero neste sentido consideramos conveniente indicar que, ao igual que no curso anterior, algúns dos alumnos/as matriculados/as estaban ao mesmo tempo traballando en espazos moi distintos os do título e cunhas esixencias laborais moi difíciles de compatibilizar co axeitado aproveitamento a dun título de Posgrao universitario, con toda a súa normal complexidade.

B) En relación cos egresados, a valoración xeral que podemos facer é igualmente positiva ou moi positiva, tendo en conta que o "grao de satisfacción dos egresados cos servizos" (IN33M-PS-03) foi de 4,5 (sobre 5 puntos); o "grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación" (IN42M-S01-PM-01) foi de 3,48; e moi significativamente cómpre salientar que estamos a cumprir co noso esforzo de insistir nas oportunidades profesionais do título (aínda que evidentemente se trata dun título orientado á investigación), se atendemos a "taxa de éxito dos egresados" (IN50M-S01-PM-01) que foi do 97,56% e a "taxa de eficiencia" (IN53M-S01-PM-01) situada nun 97,56%. Neste sentido, basta sinalar que dos 13 matriculados de novo ingreso, finalmente 12 defenderon o TFM e 11 deles o fixeron ademais na primeira convocatoria.

C) A tendencia tamén positiva das estatísticas que afectan ao PDI xa foron sinaladas no correspondente "Criterio 4" deste informe adicado aos Recursos Humanos.

Globalmente, consideramos en virtude das estatísticas referidas, que os resultados de aprendizaxe alcanzados

son adecuados aos obxectivos do programa formativo (xa indicados no "Criterio 1" do presente Informe).

Parécenos moi apropiado e autocrítico sinalar aquí que nesta segunda edición do Máster os estudantes volveron a sinalar a súa percepción de que ao seren todas as materias de 3 créditos se provoca unha excesiva especificidade de disciplinas moi isoladas entre si e, en consecuencia, tamén unha sobrecarga de traballos, que en conxunto sacrifican a posibilidade duns enfoques máis transversais que eles veñen demandando. Neste sentido, aínda que se puxeron en marcha mecanismos de coordinación de traballos entre materias, como se indicou xa na explicación da AM4 Plan de Mellora do Máster 2017-18 ben apreciada polos alumnos e continuada e amplificada na AM1 Plan de Melloras do Máster 2018-19, parécenos pertinente, aínda así, unha vez rematada a terceira edición do Máster, no actual curso 2018-19, que a Comisión Académica do Máster abra unha reflexión de maior alcance que estas medidas e aborde unha posible revisión do actual plan de estudos, analizando a viabilidade, na liña desta demanda do alumnado, de aumentar o número de créditos das materias, ou cando menos das materias de Formación Básica, sempre co obxectivo de mellorar o plan de estudos a partir da experiencia que nos dan estes tres anos de desenvolvemento do Título.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na mesma liña que manifestábamos na primeira edición do Máster, nesta segunda edición (2017-18) confírmase que os indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do Título, satisfacendo ademais as demandas sociais da súa contorna.

Os indicadores e resultados evolucionan de xeito bastante favorable e os resultados se manifestan como adecuados ás previsións e características do Título contempladas na Memoria Verificada.

Estatisticamente, experimentamos un positivo incremento de alumnado respecto da matrícula do primeiro ano, tendo en conta ademais o número de preinscricións: 19 máis 5 na convocatoria anticipada. Así, conforme aos indicadores de demanda, das 20 prazas ofertadas (IN01M-PC-5), a matrícula foi de 15 alumnos (IN02M-PC-05), 13 son de matrícula de acceso (INO3M-PC-05) e 13 de matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04-PC-05). Por tanto, a variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN05M-PC-05) foi do 85,71%. Cómpre tomar estes datos, malia que positivos, con certa prudencia, xa que debemos ter en conta que esta é a segunda edición do Máster e sempre arroxa mais información o feito de poder contar cun certo percorrido para ver as respectivas consolidacións de tendencias. No que respecta á duración media dos estudos (IN38M-S01-PM-01) foi de 1,08, o que semella cumprir coas expectativas da Memoria. A "taxa de graduación" (IN37M-S01-PM-01) foi dun mellorable 57,14%, que como xa indicamos debe de implicarnos nun proceso de reflexión etiolóxica sobre a mesma, pero que tamén debe de terse en conta que algúns dos alumnos/as matriculados/as están ao mesmo tempo traballando en espazos moi distintos os do título e cunhas esixencias laborais moi difíciles de compatibilizar co axeitado aproveitamento a dun título de Posgrao universitario e neste sentido podemos aludir respectivamente a "taxa de abandono" (IN41-S01-PM-01) situada no 28,57%.

No que respecta aos indicadores de resultados, os valores son francamente moi salientables, xa que se sitúan por encima do 95%: a "taxa global de rendemento" (IN34M-S01-PM-01) é do 96,08%, exactamente igual (96,08%) que a porcentaxe que atinxe á "taxa de avaliación" (IN36M-S01-PM-01), o cal supón unha sensible mellora respecto do curso 2016-17. En canto á "taxa de eficiencia" (IN53M-S01-PM-01) obtivemos a máxima referencia do 100%. Tamén constatamos o 100% na "taxa de éxito" (IN35M-S01-PM-01) e na "taxa de éxito dos egresados" (IN50M-S01-PM-01).

Asumindo a prudencia que supoñen estes datos que deben de volver a ser interpretados conforme a futura media constituída nas seguintes edicións do Título, polo momento valoramos moi positivamente os resultados dos indicadores de demanda e de resultados á luz da memoria verificada, e que ademais teremos en conta para a revisión e mellora do plan de estudos, así como tamén para continuar na formulación anual das correspondentes Accións de Mellora.

#### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de

| |
|---|
| interese son adecuados. |
| Aspectos a valorar:<br>• Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.<br>• Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>Dende o Centro, valoramos os índices de satisfacción dos diferentes grupos de interese (estudantes, PDI, PAS e egresados) como satisfactorios e por suposto adecuados as nosas expectativas:<br><br>A) O indicador de "satisfacción do alumnado coa docencia recibida" (IN46M-S01-PM-01) é de 3,78 (de 1 a 5) o que significa que en termos moi maioritarios os docentes desenvolven con acerto a súa labor, sendo ademais a "taxa de resposta" as enquisas (IN48M-PM-02) do 60%. Sobre este último dato, é preciso indicar que os estudantes deste curso 2017-18 indicaron que as enquisas relativas á docencia recibida se pasaron ao inicio das materias do segundo bimestre do primeiro semestre, cando se estaban iniciando as clases e en consecuencia aínda non tiñan criterios suficientes nin mínimos para avaliar ao profesorado. Atendendo a esta observación, proba do funcionamento dos mecanismos de calidade do Centro e do Título, pasaron a modificarse as datas de realización das enquisas no actual curso 2018-19. Con todo, desde a Coordinación do máster, en liña co "Plan de Calidade" do Centro que contempla a realización de varios recordatorios para a realización das enquisas, tamén no Máster se insistiu reiteradamente na importancia de que o alumnado cubra a enquisa, para poder ter máis datos de cara a introducir as Accións de Mellora e seguir a crecer nos parámetros de calidade.<br><br>B) Respecto dos indicadores de "satisfacción do profesorado coa docencia impartida" (IN47M-S01-PM-01) é dun salientable 3,95 (de 1 a 5).<br><br>C) A enquisa de "satisfacción do Persoal de Administración e Servizos" no curso 2017-18 é de 3,81 (de 1 a 5), moi semellante ao dato do PDI, rexistrando ámbolos dous sectores valores que podemos considerar aceptablemente altos e que, con todo, deixan un pequeno marxe de mellora que debemos explorar.<br><br>D) O "grao de satisfacción dos egresados cos servizos" (IN33M-PS-03) foi dun moi salientable 4,5 (de 1 a 5); mentres que o "grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación" (IN42M-S01-PM-01) foi de 3,48, aínda que moi aceptable en termos cuantitativos entendemos que presenta marxe cualitativo de mellora; a "taxa de éxito dos egresados" (IN50M-S01-PM-01) foi dun excelente 97,56%, idéntico valor (97,56%) á súa "taxa de eficiencia" (IN53M-S01-PM-01).<br><br>Tendo en conta esta serie de indicadores dos diferentes grupos de interese do Título, malia moderación que debe implicar ter en conta que son resultados sen consolidación de tendencia interanual, estimamos con todo que se trata de valores de satisfacción moi aceptables e que, en todo caso, serán tidos en conta para a mellora e revisión do título (especialmente para orientar as sucesivas Accións de Mellora), e como xa indicamos, agardando polos datos da terceira edición, poderemos facer con maior e mellor perspectiva unha avaliación máis acaída de cara a mellora e pequenas modificacións do título. |
| 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título. |
| Aspectos a valorar:<br>• Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.<br>• Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.<br>• Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos. |

| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>No que respecta a este apartado, non hai datos relativos á inserción laboral. Neste eido, nin o correspondente Organismo do Ministerio, o SIIU (Servizo Integrado de Información Universitaria), nin a ACSUG, nos facilitaron ningún dato relativo ao curso 2017-18, así como tampouco no 2016-17. Entendemos que isto pode ser que debido a que tan só levamos dúas edicións do título e falta perspectiva de análise. En ausencia destes datos, en absoluto imputable ás competencias do noso Centro, temos que deixar este apartado, como único de todo informe, sen valorar. |
|---|

| 3. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Web do Título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Web da Facultade |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Non procede |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 4315923_P.Ind_2017-2018<br>4315923_INF.16_2017-2018<br>4315923_INF.CiUG_2017-2018 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 4315923 _I2_2017-2018 |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 4315923_P.Ind_2017-2018<br>5045_INF.03_2017-2018 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida “Información mínima pública*”) | Web da USC<br>Web do Centro<br>Web do Título<br>Web propia do título |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | Web do Centro |

| | | | |
|---|---|---|---|
